

REPÚBLICA DOMINICANA





- **Capital:** Santo Domingo
- **Idioma oficial:** Español, tamén se fala Inglés e un dialecto de Francés cerca da fronteira con Haití.
- **Poboación:** Uns 9'5 millóns de habitantes. Gran variedade de razas, con predominio de mulatos.
- **Moeda:** Peso Dominicano
- **Extensión:** 380 km. De Oeste a Leste e 265 km. De Norte a Sur. Uns 48.442 km². Algo máis das 2/3 partes da illa La Española.



Moeda de 25 pesos





TRAXE TÍPICO

O traxe tradicional deste país fai referencia ao que vestían os campesiños antigamente. Hoxe en día só os empregan en certas celebracións. As mulleres acostuman levar un vestido de cor branco con cintas vermellas e azuis. Polo xeral é das cores antes citadas porque son as da bandeira, pero tamén pode ser moi variado dependendo da época, os gustos e a clase social. Os homes usan pantalón negro ou gris con camisa branca, sombreiro e unha especie de cinto de cor vermello.



CLIMA

- Clima subtropical, con predominio do tropical húmido de Sabana.
- Temperaturas que oscilan entre os 20 e 30 graos durante todo o ano.
- Dúas estacións de chuvia: a de Abril a Xuño e a de Setembro a Novembro.
- De Decembro a Marzo é o período menos chuvioso.

XEOGRAFÍA

- Cerca do 80% do relevo Dominicano está composto de sistemas montañosos, destacan: a Cordilleira Central, a Cordilleira Oriental e a Cordilleira Setentrional.
- Os principais ríos son: o Yaque do Norte e o Yaque do Sur.





XEOGRAFÍA

- Ademais de numerosos ríos, tamén hai preciosos lagos e lagoas como: Lago Enriquillo, Lagoa de Oviedo, Lagoa do Fondo, Lagoa Redonda e Os tres Ollos.

O Parque Nacional Os Tres Ollos é unha caverna con un lago dividido naturalmente en tres lagos que se ven desde dentro e un que se pode ver fóra.

- O país está formado por 32 provincias.



COMIDAS E BEBIDAS TÍPICAS

- Hai moitas comidas e bebidas deliciosas en República Dominicana:
- Os domplines, especie de sobre de fariña recheos de vexetais e carne ou queixo.
- As canoas de banana, recheas de carne e berenxena. Son bananas cortadas polo medio e recheas de carne, berenxena e queixo.
- Locrio de torresmo, prato de arroz con varios tipos de carne.



DOCES E BEBIDAS

- Morrer soñando: É unha bebida moi refrescante que se acostuma beber no verán. Pode facerse con moitos zumes diferentes.
- O kipe: doce miúdo e salgado recheo de banana madura.
- Coconetes: Doce elaborado con fariña, azucre, coco, et.



ECONOMÍA



- Os principais sectores da economía deste país son:
- A agricultura: os principais produtos de exportación agrícola son: café, cacao, caña de azucre, ananás, laranxas e tabaco.
- A minería: Extráese sobre todo rocha caliza, area, xeso, arxila, mármore, et.
- O turismo: Nos últimos anos esta é a principal fonte de ingresos do país.





MÚSICA



- A música de República Dominicana é coñecida en todas as latitudes e puxo a bailar a milleiros de persoas en todo o mundo. Hai gran variedade de expresións musicais, pero as máis populares son o merengue e a bachata. O merengue é considerado o baile nacional dominicano.
- Os instrumentos musicais máis tradicionais son: o güiro, a tambora e o acordeón.






CANTANTES



- Algúns cantantes deste país son coñecidos a nivel mundial, por exemplo:
- Ángela Carrasco que interpreta baladas, baladas pop, rancheiras, et.
- Antony Santos, é un dos mellores músicos de Bachata, de República Dominicana, popularizou a bachata internacionalmente. Ganou dous Premios Casandra. Discos: Sabor Latino, Me Muero de Amor, Ay Ven.
- Miriam Cruz, cantante de merengue, vocalista do grupo “Las Chicas del Can”.



JUAN LUÍS GUERRA



- É sen dúbida o máis coñecido a nivel mundial. Cantautor, compositor, músico, e produtor dominicano que vendou máis de 30 millóns de discos. Gañou numerosos premios: 18 Grammy Latinos, 2 Grammy norteamericanos, et. Algúns dos seus álbums máis famosos son: Ojalá que Llavea Café, Bachata Rosa, Para ti, A son de Guerra, et.





ACTIVISTAS: AS TRES BOLBORETAS



- Minerva, Patria e María Teresa Mirabal foron tres irmás estudosas, traballadoras e activistas que loitaron contra a ditadura de Trujillo e pola liberdade. Son coñecidas como as tres bolboretas porque ese era o nome que usaban na súa loita contra o tirano ditador.

- O 25 de novembro de 1960 foron asasinadas polos homes de Trujillo. Na súa honra decidiuse que esta data se celebre o “día internacional da non violencia contra a muller”.



“Yo sólo sabía de luchas con mis armas naturales: la sinceridad, la ternura y el cariño”


Minerva Mirabal



ESCRITORES

- Pedro Henríquez Ureña: Poeta, ensaísta, filólogo, educador...Obras: “Horas de Estudio”, “Nacimiento de Dionisios”, “En la orilla: mi España”, et.
- Juan Bosch Gaviño: Escritor, historiador e político. Obras: “La Mañosa”, “El Oro y La Paz”.
- Fabio Federico Fiallo: Poeta, narrador e periodista. Obras: “Primavera Sentimental”, “Cuentos Frágiles”, “La Cita”, et.
- Isidro Américo Lugo Herrera: Doutor en Dereito, fundou o “Periódico Patria” e colaborou con outros xornais e revistas literarias.





ESCRITORAS




- Julia Álvarez: Naceu en Nova York, pero é de orixe dominicana e viviu alí parte da súa vida. Poeta, novelista e ensaísta. Obras: “En el tiempo de las mariposas”, “El otro lado”, et.
- María Ugarte: naceu en España, pero viviu case sempre en República Dominicana. Periodista, escritora, académica, historiadora e paleógrafa. Foi a primeira periodista dominicana. Obras: “Estampas coloniales” ...





ÓSCAR DE LA RENTA



- Naceu en Santo Domingo en 1932 e finou en Estados Unidos no 2014. Foi un deseñador de moda famoso en todo o mundo. Vestiu a primeiras damas e celebridades de diversos países. Tamén deseñou complementos como: bolsos, cintos e zapatos. Obtivo numerosos premios.






FLORA



- A flora deste país é moi rica e variada, presenta extraordinaria variedade de xéneros e especies. As partes baixas e húmidas están cubertas de bosques tropicais. Nas zonas secas a pouca altura xorden as estepas ou matogueiras. A continuación presentámosvos algunhas das plantas e árbores máis típicos.



FLORA

- A Caoba é a árbore nacional deste país. É unha árbore moi apreciada pola súa madeira porque é doada de traballar, resistente á humidade e aos parasitos. Ademais é moi fermosa. A árbore mide uns 25 metros de alto e 2 m. de diámetro. Esta madeira empregouse para construír barcos, mobles, instrumentos musicais, et.



FLORA

- A Rosa de Bayahíbe, tamén coñecida como *Pereskia quisqueyana*, é a flor nacional de República Dominicana. Pertence á familia dos cactus e é un dos poucos cactus con folla. É unha especie nativa do país que vive só nas proximidades da cidade de Bayahíbe, na rexión leste. Está fortemente ameazada pola destrución do seu hábitat.





FLORA



- Cayena ou Hibisco: este xénero inclúe desde plantas herbáceas anuais ou perennes, ata pequenos arbustos e árbores de pequeno porte. As follas son alternas, simples, ovaladas ou lanceoladas, a miúdo coa marxe serrada. As flores son grandes e con forma de trompeta, con cinco pétalos de diferentes cores: brancos, rosas, alaranxados, vermellos, morados, amarelos, et.; de 4 a 15 cm de tamaño. O froito é unha cápsula que contén varias sementes.





FAUNA



- Este país caracterízase por unha alta diversidade biolóxica. Abundan sobre todo os **réptiles, as aves e os insectos**, mentres que os **mamíferos nativos escasean**. Algúns exemplos de mamíferos son: a **Jutía**, roedor en perigo de extinción, e o **Solenodonte**, insectívoro único en América, tamén en perigo de extinción.





FAUNA: aves



- A Cigua palmeira: É a ave nacional do país, abunda sobre todo en Illa Saona. É pequena, de cor gris e verde, e mide uns 20cm de longo. Ten un pico resistente de cor amarelo, e uns dedos grandes nas patas.
- O Gavilán: É unha das aves rapaces en maior perigo de extinción en América. Antes habitaban nos bosques húmidos, nas sabanas e nas montañas, pero agora só queda unha poboación no Parque Nacional dos Haitises, no nordeste do país, onde só sobreviven uns 200 espécimes.





FAUNA: aves



- O Chicuí é unha das aves máis emblemáticas do país. Son pequenas e con moitas cores. Viven nas montañas e fan o seus niños nos barrancos.

- Os zumbadores son típicos das altas elevacións e dos bosques de pinos por enriba dos 1.100m, aínda que en Los Haitises poden verse a menos altitude.



FAUNA: aves

- O Catro ollos cabecinegro é moi común en República, xa que se atopa en todos os bosques, salvo na Península do Tiburón.
- O Cernícalo, tamén chamado guaragao vulgarmente. É unha das aves máis fermosas e intelixentes. É un dos falcóns máis pequenos polo que ten unha labor de control e equilibrio na natureza.

